

Para representar as formas, a luz e os volumes do espazo empréganse distintos recursos plásticos.

REPRESENTACIÓN DA FORMA NO ESPAZO

Diminución de tamaños e atenuación de cores: Acentúan a sensación de distancia. (fig. 1)

Superposición de obxectos: Para simular profundidade.

Perspectiva cónica: Representase o espazo mediante unha liña do horizonte, un punto de vista e puntos de fuga.



(fig. 1)

O ENCAIXADO

Encaixado dunha figura: Simplificación do modelo mediante formas xeométricas básicas.

Encaixado de varias figuras: É necesario elixir unha unidade de medida que relacione diferentes formas entre si e os espazos que as rodean.

A LUZ E A SOMBRA NO VOLUME

Orixe da luz

Luz natural: Proven do sol.

Luz artificial: Procede de focos e lámpadas.

Dirección da luz

Frontal: Fai que os obxectos se perciban aplanados. (fig. 2)


Lateral: Resalta as texturas e acentúa o volume. (fig. 3)

Contraluz: Destácanse as siluetas dos obxectos. (fig. 4)

O claroscuro: Representación do efecto de luz e sombra nun modelo, mediante a técnica do **degradado**.



(fig. 2)



(fig. 3)



(fig. 4)

AS FORMAS NA ESCULTURA

A escultura: É tridimensional e ocupa un lugar no espazo.

Clasificación segundo o seu volume:

A modelaxe: É unha técnica aditiva que permite crear figuras.

Vulto redondo: É independente de calquera soporte.

Relevo: Está pegado a un soporte.

Palabras clave

■ **Bodegón:** Xénero no que se representan alimentos ou flores xunto con obxectos cotiáns.

■ **Desbastar:** Dar a un bloque de pedra ou outro material a forma aproximada que se quere obter.

■ **Fraguar:** Endurecer o xeso en po ao mesturalo con auga.

■ **Molde:** Peza ou conxunto de pezas acopladas, nas cales se practica un oco coa forma da figura que se desexa obter. Neste oco baléirase a materia fundida, fluída ou branda que se elixise –como metal, cera etc.– e unha vez que a materia solidifica, sácase do molde e obtense a réplica.

■ **Pela:** Porción pequena de material moldeable.

■ **Porexpán:** Cortiza branca ou, máis tecnicamente, poliestireno expandido.

■ **Tenebrismo:** Tendencia pictórica que utiliza grandes contrastes de luz, con predominio de zonas escuras e unha modelaxe naturalista do claroscuro. O seu precursor foi Caravaggio, no século xvi, que estende a súa influencia entre grandes pintores do século xvii como Velázquez, Rembrandt, Vermeer, Zurbarán, Ribera etc.

■ **Unidade de medida:** Patrón que se toma como medida ou termo de comparación.